

Nova sentenza do TSXG que reconece o cómputo dos servizos prestados nas vacacións non gozadas do persoal substituto

O profesorado que foi substituto con tempo de vacacións non gozadas segue obrigado a recorrer á xustiza fronte aos incumprimentos da Consellaría

Os servizos xurídicos da CIG-Ensino veñen de gañar novamente no TSXG unha sentenza que obriga a Consellaría de Educación a computar como tempo traballado os períodos de vacacións non gozadas do persoal interino con contratos de substitución. Neste caso, a sentenza reconécelle a unha docente o dereito a que se lle contabilicen nos servizos prestados 20 días de vacacións polos diferentes contratos que tivo durante o curso 1989/90.

As vacacións do persoal interino con contratos de substitución comezaron a abonarse logo dunha intensa campaña xudicial que levou a **centos de docentes** a presentar demandas promovidas pola CIG-Ensino no curso 2000/01. Finalmente e despois de gañarmos a batalla xudicial no TSXG, a Xunta estendeu ese dereito en outubro de 2001 a todo o profesorado substituto, que desde aquela cobra a parte proporcional das vacacións (dous días e medio por mes traballado no curso escolar).

Sen embargo, a Consellaría non contabilizou nas follas de servizo aqueles períodos de vacacións



non gozados e obrigou o profesorado a presentar demandas para ese cómputo. Este reconecemento supón contabilizar ese tempo **a todos os efectos**: puntuación no concurso de traslados, nas oposicións se aínda se é interino, para promoción interna no caso de funcionariado de carreira, no cobro de trienios e sexenios e, por suposto, nos servizos a efectos de xubilación.

Reconecemento para todo o profesorado

A Consellaría incumpre novamente o seu propio compromiso acadado na Mesa Sectorial do 9 de maio de 2017. Naquela reunión comprometérase a ter contabilizados os servizos prestados a todas as persoas que tivesen cesado a partir do 12/10/2001 (data na que se lle reconeceu este dereito a todo o persoal substituto despois da campaña xudicial da CIG-Ensino),

remitíndolle a comunicación correspondente a todo o persoal afectado no mes de novembro de 2017. Diante do incumprimento na data da Consellaría, a CIG-Ensino denunciou que a Administración non fixera efectivo o acordado, solicitando que se fixese canto antes e estivese efectuado para o CXT e as oposicións.

Desde a CIG-Ensino vimos de demandarlle novamente á Consellaría por escrito que remita esta comunicación e instamos a todo o profesorado interino a que revise a súa folla de servizos no apartado de “datos persoais” para comprobar se aparece computado ou non ese tempo de vacacións non desfrutadas xa que, de non figurar, debería reclamar no baremo das oposicións, sempre e cando non acade o tope da puntuación.

Por outro lado, animamos a todo o profesorado que nalgún momento fixo substitucións e non gozou as vacacións correspondentes a que reclame o seu reconecemento, xa que logo da sentenza que vén de gañar a CIG-Ensino fica claro que non existe límite temporal para solicitalo.